



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

**Asunto:** Nomeamento de María José Lema Vidal como informadora turística do Concello de Laxe durante o verán do ano 2021, previa selección realizada pola oficina de emprego de Carballo (oferta núm. 12-2021-6426), e elaboración da lista de reserva.

**Expte. Admvo. Núm.:** 2021/E001/000004

**Expte. Decreto Núm.:** 2021/G003/000449

O Concello de Laxe solicitou o 24 de xuño de 2021 á Axencia Turismo de Galicia unha subvención a través da Resolución do 10 de xuño de 2021 pola que se estableceron as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos e a xeodestinos de Galicia, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xullo, agosto e setembro, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento TU900A), publicada no DOG núm. 117 de 22 de xuño de 2021.

Por Resolución de Alcaldía núm. 382/2021, de data do 12/07/2021 aprobáronse as bases para a contratación laboral temporal dun/ha informador/a turístico/a no Concello de Laxe, na convocatoria 2021, durante dous meses, previa selección realizada pola oficina de emprego de Carballo.

Posteriormente, tramitouse a oferta para este posto de traballo na oficina do servizo público de emprego de Carballo; remitindo esta oficina a relación de candidaturas preseleccionadas para o dito posto (oferta núm. 12-2021-6426).

Por medio da Resolución de Alcaldía núm. 406/2021, de data 22/07/2021 aprobouse a lista de candidaturas admitidas e excluídas á mencionada convocatoria.

Vista a acta do Tribunal que avaliou os méritos acreditados polos aspirantes presentados á oposición, de data 27/07/2021, na que se propón ao sr. Alcalde:

- Designar a María José Lema Vidal como informadora turística para a atención da oficina municipal de información turística durante dous meses, que non poderá superar a data do 30/09/2021.
- Elaborar unha lista de reserva por orde decrecente de puntuación, composta por Luís Añíbarro Sánchez.

Unha vez comprobada a documentación presentada por María José Lema Vidal, seguindo o establecido na base décima das bases de selección.

Esta Alcaldía, en virtude do disposto no art. 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora da Lei de Bases de Réxime Local,

### RESOLVO:

**Primeiro:** Nomear a María José Lema Vidal como persoal laboral temporal para que realice as tarefas de información turística no Concello de Laxe, a xornada completa e baixo a modalidade de contrato de traballo temporal. O contrato terá unha duración de 2 meses, dende o 01/08/2021 ata o 30/09/2021, ámbolos dous incluídos.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

**Segundo:** Elaborar unha lista de reserva composta por Luís Añíbarro Sánchez.

**Terceiro:** Publicar esta resolución no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello, no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do concello ([www.concellodelaxe.com](http://www.concellodelaxe.com)) que substituirá ás notificacións individuais aos/as interesados/as, conforme ao disposto no art. 45 da Lei 39/2015.

Mándoo e asínoo, en Laxe, na data da sinatura electrónica á marxe, o alcalde, do que eu como secretaria dou fe.

O alcalde  
José Luís Pérez Añón

A secretaria-interventora  
Begoña Carrasco García